



## ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO 05 DE NOVEMBRO DE 2017

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da sesión anterior
2. Definición obras para Orzamentos Participativos 2018

No antigo preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta e dous minutos, do día cinco de novembro de dous mil dezaoto, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións culturais
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- M<sup>a</sup> José Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
- José Antonio Martínez Conde, representante das asociacións veciñais, en substitución de Jose Nuñez Iglesias.
- Carmen Sobral, representante das asociacións veciñais, en substitución de M.<sup>a</sup> Nieves Sobral Pazo.
- Alberto Couñago Castellano, representante da comunidade de augas
- Jose Luis Amoedo Gonzalez, representante do PsdeG-PSOE.
- Adelina Couñago Lara, representante do PP.
- Daniel Boullosa Martínez, representante de AER.

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María José Barciela Barros, asistidos/as de min, Miguel Angel Miguez Novelle, coa finalidade de celebrar a xuntanza extraordinaria do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

#### **1. Aprobación da acta da sesión anterior.**

Pola Presidencia dase conta da acta da última xuntanza celebrada o 11.07.2018.

O Consello Parroquial do Viso, por unanimidade dos seus membros, decide deixar sobre a mesa este punto por non recibir copia da acta a aprobar por atraso recepción correo postal coa copia da acta a aprobar, ante a premura da convocatoria e a coincidencia dun ponte festivo que non deu tempo a que lles chegará a convocatoria por escrito.

#### **2. Definición obras para Orzamentos participativos 2018**

A Sra. Presidenta do Consello Parroquial do Viso motiva a convocatoria desta sesión extraordinaria ante o pouco tempo que resta para executar os orzamentos participativos correspondentes o exercicio 2018.

A Presidenta da conta do falado co sr. Carpintero para a posible cesión terreo para realización entrada da Nogueira para que poda manobrar o autobús do colexio. Segundo conversas co técnico municipal solo cedería 1 metro terreo e con esixencias por escrito non viables.

A Presidenta comenta como alternativa, as conversas que se tiverón con algúns

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 968F6EMCKK49L7Y7N7ZKRRK3H69 | Corrección: https://retondela.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



veciños da zona do Cmño. Valdravon, Saramagoso, onde se están realizando obras de saneamento; e onde algún dos veciños estaría disposto a ceder terreo para facilitar a obra saneamento a cambio da realización muro de peche que melloraría a caída de dito saneamento.

Os asistentes piden aclaración si o que entraría por Orzamento participativos sería o saneamento ou solo o muro.

A Presidenta aclara que o saneamento se esta realizando independentemente da realización de dito muro, pero que a realización do muro evitaría a inclusión de bombeos por algúns dos veciños da zona, xa que melloraría a caída do mesmo.

O sr. Freire Collazo pide que lles aclare como sería exactamente a obra do saneamento e onde desembocaría.

Discútese entre os asistentes onde estaría situada exactamente a zona das obras, ante a dificultase por parte de algún dos asistentes en localizar a zona exacta da mesma.

O sr. Freire Collazo pregunta cantos metros vai ceder o veciño para a posible realización de dito muro.

A Presidente comenta que falou persoalmente co propietario do terreo é estaría disposto a ceder o terreo que faga falta.

A Sra. Vidal Dasilva dí que con respecto a cesión por parte do Sr. Carpintero, que tamén faláron con él, e que dita finca non estaría situado completamente no municipio de Redondela.

A Presidenta informa que o técnico do Concello Sr. Lamas Estevez e o membro deste consello parroquial Sr. Veiga Estevez reuníronse so Sr. Carpintero fillo, e dí que lle exixiron que dita finca pasará nun futuro a converterse en finca edificable.

A Sra. Vidal Dasilva dí que esa finca consta no borrador do futuro PXOM como edificable; tamén comenta que membros do Consello parroquial se reuniron co Sr. Carpintero e que lles dixo que cedería o necesario para esta obra de entrada da Nogueira.

A Presidenta comenta que ante a non coincidencia das versións do Sr. Carpintero, que poden baixar a falar co técnico do Concello que se reuniu con él.

Tanto o sr. Couñago Castellano como a sra. Vidal Dasilva confirman que tal como esta o cruce que é imposible que o autobús de a volta sen manobrar.

A sra. Acevedo Pereira fala das conversas que tiveron co propietario do terreo (sr. Carpintero) e non quedou claro cantos metros cedería.

A Presidenta insiste que baixen o Concello a falar co técnico que se reuniu co Propietario, para saber o que lle dixo e cales eran as súas exixencias.

Discútese como afectaría unha cesión de metros hoxe de cara a unha futura obra nova como terreo edificable e unha nova posible cesión.

---

### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 966F6EMCKK49L7Y7N7ZKRRK3H69 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



Pídenlle os asistentes aclaración a Presidenta si o muro de Valdravon necesitaría proxecto e a onde sairía, tamén piden confirmación de que a obra que se realizaría cos orzamentos participativos sería o muro e nunca o saneamento, e por donde se ampliaría o camiño despois de realizado o muro.

O Sr. Boullosa Martinez pregunta si esa obra do muro de Valdravon se levaría a totalidade do importe para orzamentos participativos do exercicio 2018.

A Presidenta que se faría o muro hasta onde dén os cartos, así como sería a altura do muro de realizarse e despois se acabaría o saneamento independentemente de si dá para rematar o muro ou no.

A sra. Vidal Dasilva explica que xa tiñan acordados outras propostas de obras para os participativos, antes de falar do muro do Camiño de Valdravon, e enumera a lista que eles propuxeron.

A Presidenta cita que as opcións aprobadas na sesión anterior foron :

- 1ª opción Entrada da Nogueira condicionada a cesión sr. Carpintero
- 2ª opción Camiño de Castiñeiras, en Soutoxusto

A Presidenta di que como non queda claro o tema da 1ª opción por discrepancias co sr. Carpintero, tendría que pasarse a 2ª opción (Cmño. Castineiras) ante a premura de tempo.

Os presentes mostran a súa discrepancia, polo que a sr. Presidenta pide unha votación para escoller as opcións definitivas para investir orzamentos participativos 2018

Quedando escollidas por maioría dos asistentes as seguinte orden na inversión do Participativos 2018:

1ª opción: Entrada da Nogueira vinculada a cesión de 4 metros do eixe do camiño sen mais exixencias, polo sr. Carpintero. Quedando pendente de que a sra. Vidal Dasilva e a sra. Acevedo Santoro se reúnan entre o día 06/11/18 e o 07/11/2018 como máis tardar co Sr. Carpintero para solventar discrepancias mencionadas e comunicar decisión definitiva.

en caso contrario

2ª opción: realización muro baixada camiño de Valdravon, vinculado a cesión dos metros necesarios polo veciño afectado.

A sr. Presidenta comenta que existen moitos veciños da parroquia que pasan polo Concello a reclamar propostas individuais, sen que estes sexan coñecidos polos colectivos veciñais membros de este consello parroquial.

A sra. Vidal Dasilva comenta que non están de acordo coas formas de proceder, en relación a selección de propostas para estes orzamentos participativos.

A presidenta comenta que xa consta proxecto de desenvolvemento do Camiño de Valdravon ata a estrada da Nogueira, detalla como sería a obra e detalles da mesma. Acláranse

---

### Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 966F6EMCKK49L7Y7N7ZKRX3H69 | Corrección: <https://retondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



cos asistentes como serían os metros de cesión ou retranqueo do mesmo.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as dez horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como secretaria do Consello, DOU FE.

**Aprobada definitivamente en sesión ordinaria do 10/02/2020**

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 969F6EMCKK49L7Y7N7ZKRRK3H69 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4